

PEZA DO MES

setembro

2013



**CUNCA “DE IMITACIÓN”
DE PAREDES FINAS EMERITENSES**



ZONA DE APARICIÓN NA IGREXA VELLA

Cunca “de imitación” de paredes finas emeritenses

Segundo terzo do século II d. C.

As cerámicas de mesa romanas foron e son na actualidade un dos instrumentos máis importantes cos que conta o arqueólogo para datar as unidades estratigráficas resultantes de toda escavación e entre elas, dentro da cerámica fina, foi sen dúbida a *terra sigillata* a que tivo unha maior implantación. Este mesmo feito ocorre tamén nos estratos romanos da Igrexa Vella de Xinzo de Limia onde, fronte á considerable presenza de *terra sigillata*, dáse a instauración moito menor da cerámica de paredes finas, só documentada nos estadios finais dos estratos altoimperiais; pero non por iso menos relevante á hora de integrarmos a súa presenza no discurso da interpretación histórica.

Baixo a denominación de “cerámica de paredes finas” agrúpase unha ampla gama de producións cuxas características técnicas e formais difiren moito unhas das outras; pero en todas elas, como principios comúns, están presentes a fabricación a torno rápido, o carácter delgado das súas paredes –sendo os vasos chamados “casca de ovo” os que mellor representan ese alarde técnico no proceso de fabricación–, o emprego de certos recubrimentos de natureza arxilosa ou engobes e, finalmente, a utilización habitual de técnicas decorativas moi concretas –incisa con buril, impresa “á roda”, barbotina, impregnación areosa...–. Tamén, desde o punto de vista funcional e dentro do *instrumentum domesticum*, veñen sendo consideradas como vasos para beber ou *vasa potoria* –este é o punto común que destaca Mayet á hora de definilas–, aínda que algunhas pezas puideron ter unha funcionalidade cultural, tendo en conta os contextos de aparición e mesmo a presenza nelas de escenas con probable contido ritual. O termo foi cre-


ado por Lamboglia a mediados do século pasado para referirse a unhas cerámicas de *Albintimilium* nas que, como característica física, destacaba a extrema delgadeza das súas paredes –“pareti sottili”–, sendo hoxe as obras de referencia para o seu estudo ademais da de Lamboglia (1950), as de Marabini (1973), Vegas (1973), Mayet (1975), López Mullor (1990) e Mínguez Morales (1991). No caso do noroeste peninsular contamos coas achegas de Xosé Manuel Caamaño (1983), Xulio Rodríguez e Isabel Peralta (1990-91), Montserrat Vila (1994), Esperanza Martín (2005 e 2008) e Esperanza Martín e Germán Rodríguez (2008).

No tocante á rehabilitación arquitectónica da Igrexa de Santa Mariña, no centro histórico de Xinzo, esta motivou, a finais do ano 1995, unha intervención arqueolóxica tanto no interior da igrexa como na zona dianteira do adro, en cuxos estratos inferiores do xacemento –asentados sobre o sábrego natural de base– está presente, con maior ou menor potencia, un nivel de terra gris de cronoloxía altoimperial (roto, en termos xerais, polas gabias de cimentación correspondentes ás estruturas dunha *domus* das que a súa planta final debe vincularse ó mundo baixoimperial), que, pola cultura material asociada, podemos datar entre finais do terceiro cuarto do século I d. C. e, cando menos, mediados do II d. C.. Uns anos antes dese final da ocupación –segundo terzo do século II– é onde se enmarcarían os tres fragmentos de bordo e corpo desta cunca de cerámica de paredes finas con decoración de lúnulas de procedencia emeritense, localizados nese estrato gris na zona dianteira do adro da igrexa.

Trátase dunha cunca correspondente á forma Mayet XLIV, con corpo de perfil redondeado, bordo de 8 cm de diámetro con labio fino, arredondado e marcado só o exterior, de pasta ocre abrancazada, corte rugoso e cun engobe exterior e interior de consistencia moi lixeira, alaranxado e homoxéneo e nada irisado. O grosor da súa parede oscila entre 0,25 e 0,39 cm e presenta as estrías do torno ben visibles no interior, mentres que o exterior aparece decorado con lúnulas pouco marcadas feitas á barbotina.

Outros tres fragmentos de similar caracterización e tamén da forma Mayet XLIV, aínda que correspondentes a unha cunca de maior tamaño –17 cm–, proceden da escavación en area, dirixida por García Valdeiras durante febreiro de 2003 nos solares 7-9 da rúa da Igrexa, onde foron localizados nun nivel, segundo o seu escavador, do século I d. C..

Verbo dos estudosos da devandita forma Mayet XLIV –cunca de perfil redondeado–, estes consideran que é case exclusiva dos talleres instalados nos arredores de Mérida, igual que a forma Mayet XLIII tamén catalogada como das máis típicas nos obradorios emeritenses; se ben, fronte á carena desta forma, está o perfil arredondado ou case hemisférico da forma XLIV. Formas XLIII e XLIV que, desde o punto



CUNCAS DAS FORMAS MAYET XLIII E XLIV DE MÉRIDA

de vista cronolóxico, Mayet considera características da segunda metade do século I d. C., mentres que para Rodríguez Martín a súa produción situaríase entre Tiberio-Claudio e os primeiros anos do século II d. C.

Rodríguez Martín, na súa ampla revisión deste tipo cerámico (onde establece unha tipoloxía na que un valor fundamental estriba no grosor das paredes) fala, ademais, de pezas que tendo un mesmo modelo presentan ata tres calidades diferentes, de acordo con clientes de distinto poder adquisitivo ou condición social ou segundo se trate de produtos de luxo, produtos destinados á exportación ou produtos destinados á venda local. O que si parece hoxe evidente a nivel de investigación é que, desde o punto de vista compositivo, a medida que se avanza no tempo, estas pezas engrosan as súas paredes, as pastas vólvense pouco amasadas e o engobe alaranxado practicamente carece de irisacións ao tempo que a propia consistencia é moi lixeira. No que respecta a nivel formal, as lúnulas cada vez son menos marcadas e o labio da peza tamén se volve máis fino ou menos definido; trazos todos eles que están presentes na peza da Igrexa Vella. Por iso estaríamos xa ante pezas non de boa calidade senón máis ben de fabricación descoidada, que mellor deberíamos denominar “de imitación” de paredes finas emeritenses e cronoloxicamente relacionadas cun momento avanzado da produción, que cabería situar no segundo terzo do século II d. C. Copias que, en todo caso, minguarían os mercados dos produtos orixinais ata monopolizar as áreas dos seus respectivos territorios, de tal xeito que non nos debe estrañar que as paredes finas emeritenses e as reproducións de seu tivesen unha ampla dispersión por toda a Lusitania.

A primeira chegada de produtos emeritenses –non antes de Tiberio– cara ó noroeste parece gardar relación co abastecemento –como produtos de acompañamento de mercadorías máis importantes, tales coma o viño e o aceite– do exército nos campamentos astures (edificados cando as campañas bélicas

do noroeste xa concluíran), onde se documentan lucernas e cerámica de paredes finas chegadas ata estes campamentos a través, probablemente, da Vía da Prata. Pero a súa presenza, para estas datas –ben como acompañamento doutras mercadorías, ben formando parte da equipaxe individual–, é moi débil ou tan só testemuñal, polo que o papel dese eixo organizador do comercio norte-sur que se vén considerando a Vía da Prata semella distar bastante da realidade, cando menos ata mediados do século I d. C., se temos en conta os restos materiais coñecidos. Algo ben distinto é o que sucede coa parte occidental da Lusitania, onde a presenza de produtos emeritenses é clara e fluída ata Coímbra e mesmo ata Braga –onde tamén se producen cerámicas bracarenses que imitan as de paredes finas emeritenses–, relacionada cos itinerarios marítimos a partir da redistribución estruturada en torno a Lisboa (*Olisipo*, *Salacia*, *Scallabis*) ata onde chegarían as mercadorías desde Mérida aproveitando os camiños que discorren por pasos naturais. Vinculados ós percorridos do mar tamén se deben ver, máis cara ó norte, os fragmentos procedentes da escavación da Praza de María Pita, na Coruña, de pasta ocre, engobe alaranxado con irisacións metálicas e decorados á barbotina.

Tendo en conta o carácter tardío das pezas de Xinzo parece lóxico que a súa chegada ata o noroeste aproveitase o pulo comercial derivado da promoción urbanizadora e romanizadora flavia, onde as xa ben consolidadas vías interiores permitirían a fácil distribución de pezas procedentes, entre outros puntos, da Lusitania e da súa cabeceira. Orixe na que o camiño puido ser, ben a mesma Vía da Prata, ben as vías XVII e XVIII, que partindo de Braga –que podería así actuar como redistribuidor para o interior das producións emeritenses– se dirixían cara a Astorga. En todo caso, non deixa de ser rechamante que esa vinculación coa Lusitania se poña tamén de manifesto, moi recentemente, na epigrafía votiva onde están presentes os cultos orientais –aras de Xinzo, de Verín e de Chaves dedicadas a Cibeles ou *Magna Mater*, ara de Chaves dedicada a Isis–, dado que a distribución xeográfica das testemuñas epigráficas do culto á *Magna Mater* é especialmente importante na Lusitania, onde mesmo está presente en núcleos de carácter urbano e co seu predominio nos lugares próximos á Vía da Prata. E se clara semella ser a vinculación coa Lusitania, non menos ilustrativa resulta a ausencia, ata o momento actual, da cerámica de paredes finas procedentes do alfar zamorano de Melgar de Tera, considerado coma o gran centro abastecedor de paredes finas para todo o norte e noroeste peninsular a partir de mediados do século I d. C.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Manuel Xusto Rodríguez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

XUNTA DE GALICIA